

Enquisa de ocupación hoteleira, Estatística de ocupación no turismo rural. Xaneiro 2005

COMUNICADO

As pernoitas en establecementos hoteleiros creceron un 3,5% en xaneiro de 2005 con respecto a xaneiro de 2004, mentres que nas casas de turismo rural descenderon un 5%.

O número de pernoitas en establecementos hoteleiros creceu un 3,5% e o de viaxeiros entrados un 1,6% en xaneiro de 2005 sobre o mesmo mes do ano anterior.

Segundo os datos da enquisa de ocupación hoteleira, o número de pernoitas nos establecementos hoteleiros, que ascendeu a 305.194, rexistrou unha taxa de variación interanual do 3,5% en xaneiro de 2005. En termos de datos corrixidos de estacionalidade e efecto calendario o crecemento situouse no 3,8%.

O grao de ocupación por prazas foi dun 20,3% en xaneiro de 2005, que significa un crecemento do 0,1% con respecto ao de xaneiro de 2004.

Segundo a enquisa de ocupación hoteleira, o número de viaxeiros entrados en establecementos hoteleiros de Galicia en xaneiro de 2005 foi de 150.499, o que supón un crecemento do 1,6% con respecto ós entrados en xaneiro de 2004. Esta taxa de variación convértese nun 2,0% se os datos se corrixen en termos de estacionalidade e de efectos calendario.

Segundo a procedencia dos viaxeiros, os residentes en España, que supuxeron cerca dun 87%, descenderon un 0,3% mentres que os residentes no resto do mundo creceron un 16,1%.

Enquisa de ocupación hoteleira. Xaneiro 2005. Datos provisionais

	Dato	% variación sobre igual período ano anterior	
		Do mes	Da media do que vai de ano
Viaxeiros entrados	150.449	1,6%	1,6%
Pernoitas	305.194	3,5%	3,5%
Grao de ocupación	20,3	0,1%	0,1%
Datos corrixidos de estacionalidade e calendario			
Viaxeiros entrados		2,0%	2,0%
Pernoitas		3,8%	3,8%

FONTE: IGE, INE. Enquisa de ocupación hoteleira

O número de pernoitas en casas de turismo rural descendeu un 5,0% e o de viaxeiros entrados un 5,6% en xaneiro de 2005 sobre o mesmo mes do ano anterior.

Rematado o ano Xacobeo 2004, segundo a estatística de ocupación no turismo rural, o número de pernoitas nos establecementos de turismo rural rexistrou unha taxa de variación interanual do -5,0% en xaneiro de 2005. En termos de datos corrixidos de estacionalidade e efecto calendario o crecemento de xaneiro de 2005 situouse no -5,9%.

O grao de ocupación por prazas foi dun 5,4% en xaneiro de 2005, cunha taxa de variación do -10,8% con respecto ó rexistrado en xaneiro de 2004.

O número de viaxeiros entrados neste tipo de establecementos en Galicia en xaneiro de 2005 foi un 5,6% inferior ós entrados en xaneiro de 2004. Esta taxa de variación convértese nun -7,1% se os datos se corríxen en termos de estacionalidade e de efecto calendario.

Segundo a procedencia dos viaxeiros, os residentes en España supuxeron case o 98% do total. Os galegos son un 71,2% do total.


Estatística de ocupación no turismo rural. Xaneiro 2005. Datos provisionais.

	Dato	% variación sobre igual período ano anterior	
		Do mes	Da media do que vai de ano
Viaxeiros entrados	4.547	-5,6%	-5,6%
Pernoitas	7.674	-5,0%	-5,0%
Grao de ocupación	5,4	-10,8%	-10,8%
Datos corrixidos de estacionalidade e calendario			
Viaxeiros entrados		-7,1%	-7,1%
Pernoitas		-5,9%	-5,9%


FONTE: IGE, INE. Estatística de ocupación no turismo rural



No seguinte gráfico pódese observar a variación interanual dos viaxeiros entrados e das pernoitas en ámbalas dúas estatísticas.



FONTE: IGE, INE. Enquisa de ocupación hoteleira



FONTE: IGE, INE. Estatística de ocupación no turismo rural



INSTITUTO GALEGO DE
ESTADÍSTICA

Para máis información:

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Teléfono de información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Comunicados en : <http://www.ige.xunta.es>
e-mail: ige@xunta.es